

## Homenaxe nacional ao poeta da Terra

Máis de mil persoas rebordaron o teatro Principal de Compostela mes e meio despois da morte de Uxio Novoneira

• CARME VIDAL

Continuaba a entrar xente cada vez que non quedaba un lugar no interior do teatro Principal. A homenaxe nacional a Uxio Novoneira rebordou o vello coliseo compostelán que na mañá do Sábado 18 de Decembro se encheu de poesía. A memoria próxima do poeta do Caurel fixo vibrar o auditório diante dos seus versos, diante tamén da sua imaxe rexia de grande recitador.

"A voz dos poetas, como a fala, é a única forma de supervivencia". A sentencia que tanto repetia Uxio Novoneira convertiu-se desde o comezo no lema que ia conducir a homenaxe organizada pola Asociación Sócio-Pedagógica Galega, a Asociación de Escritores en Língua Galega e a Asociación Cultural "O Galo". Apenas mes e medio despois do seu pasamento, a homenaxe nacional serviu para congregar a amigos e seguidores da obra do escritor, citados desde o 30 de Outubro, data na que estaba previsto o acto, aprazado polo falecemento de Uxio Novoneira.

Un torrente de fotografías proyectadas no cenário comenzaron por quentar o ambiente. Ali estaba a serena figura do poeta pero tamén o seu Caurel poetaizado. E no meio, imaxes de labregos da serra luguesa, eternos compañeiros do homenaxeado que tamén foron convocados na commemoration. "A poesía é, incluso inconscientemente, un acto colectivo, o mesmo poeta que cre que está contando a sua estria individualidade está a falar por boca de todos nós" díz Uxio Novoneira, e foi así que a homenaxe que os amigos lle renderon se convertiu nun acto colectivo, poñendo a poesía en boca de todos e tomando todos a sua poesía como a mellor maneira de rememoralo.

E na memoria estaba presente a última vez que se mostrou como dícidor. Aconteceu hai apenas uns meses, nas xornadas de Língua e Literatura da ASPG-CIG celebradas en Abril en Compostela. Daquela Uxio subira ao escenario para partillar da montaxe preparada pola AS-PG. A pequena Elva agasallárao cun ramo de flores e só uns meses despois, a mesma nena subía de novo para ofrecerelle a sua compañeira, Elva Rei outro mollo frío. A cativa en nada mudara. A fotografía daquel momento proxectada na parede mentras Elva recollía o ramo falaba da proximidade das duas imaxes, unha cercanía que tamén se notou na emotividade da xornada. As flores ficaron durante todo o acto nunha silla vacía colocada sobre as táboas.

Poetas eran os que presentaban, Antón R. López e Ana Romani que, aos poucos, tan debullando o programa de actos e anunciando



A presencia de Uxio foi constante na homenaxe.

ANDRÉS PANARO

que aquel auditório estaba cheo de persoas vidas de todo o país e mesmo de fora das nosas fronteiras. E foron eles os que deron paso aos "amigos que canda el fixeron o camiño da poesía". Bernardino Graña, Manuel María, Mª Xosé Queizán, Salvador García Bodaño e Xosé Luís Méndez Ferrín recitaron os seus versos na lembranza do compaifeiro finado. "Nós tivemos dalgunha maneira que reinventar a poesía social, xa non era a nosa tradición, éramos poetas sociais obrigados pola situación, pola ditadura, quer dizer, por cousas directas. Cóllemos en plena reacción contra ese tipo de poesía e, sen embargo, entramos a facer poesía social por necesida-

de" dixera Novoneira da sua xeración literaria, daquela que estiveron unidos non só pola amizade de senón pola urxencia de prestar a sua voz para tempos de silencio.

Do mesmo xeito que Uxio disfrutava esa singular condición que leva a que os seus versos prenderan na memoria colectiva, tamén os seus poemas pasaron a se converter en acaidas letras de cancións. A música tívoo así unha inusual relevancia na súa homenaxe. As cancións de César Morán, Pilocha e Maite Dono puxerónse á par das gaitas de Susana Seivane e o grupo de Mercedes Peón, nunha mañá musicada á medida de Uxio Novoneira na que a

banda de Santiago dispuso todos os seus sons para conmemorar ao poeta. O que non funcionou foi a vella chisteira dos monicreques de *Cachirulo* que, malia vários intentos, non deu mudado os gobernantes do país e tampouco foi quem de conseguir un conselleiro que tivese en conta aos poetas e á cultura.

Teatro, música, poesía. Todo o mundo da cultura participou na homenaxe. Mostra estaba na carpeta na que colaboraron por volta de cento cincuenta artistas e que o presidente da Asociación O Galo, Óscar Refoxo entregou a filla de Uxio, Branca Petra.

Pero a xornada deparara ainda algúns dos momentos de máis tensa emoción. Aconteceu cuando Lino Braxe, Flor Maeiras e Miguel Pernas repetiron, como hai uns meses, o espectáculo de imaxe e son criado arredor dos versos de Uxio. Comezaron de novo a recitar, e, de cara ao fin, sonou forte a voz do poeta finado a díxilo a sua Letania. Tal como fixeran en Compostela hai meio ano. Ali estaban de novo os tres e a gravación de fondo deixaba escutar as suas voces respondendo a aquela proxima maneira de dicir os versos que tíña o poeta. O auditório estivo de novo "soldado coma unha miragre" coas palabras do poeta da Terra.

La entrada o meiodía cando en Compostela –a cidade na que tanto viviu e que tanto quixo-, unha vez rematada a homenaxe nacional, se lle adicaba unha rúa no bairro de Conxo. Anunciouse que terá outra en Pontevedra, que Lugo porá o seu nome a un Centro Cultural e que nas Pontes instituirán un premio literario na memoria do poeta. Homenaxes todas que servirán para conmemorar a aquel que se sentía salvado "por estar dentro da lingua e a cultura popular".♦

García Bodaño, Manuel María, Ferrín, Bernardino e Queizán, poetas e amigos, recitaron na memoria de Novoneira. A. PANARO



## Somos nós

PILAR PALLARÉS

Contou-nos Seoane nunha emisión de "Galicia emigrante", en 1963, e falou tamén diso nun poema. Saíu na prensa suiza, en *La Tribune de Genève*: Dolores R., unha muller galega, de 27 anos, extraviada na estación de ferrocarril de Cornavín, cun cartaz ao pescoso: "Son analfabetos. Emprestade-me axuda". La camiño de Ourense desde unha cidade alemana. "Emprestade-me axuda".

*P*asou tan pouco tempo e está tan lonxe, neste exercicio cruel da desmemoria. Agora a mesma Dolores R. ou os seus fillos –se é que regresaron– ollan con indiferencia o endurecimiento da española "Ley de Extranjería", ou aplauden-o. E se ficaron en Xenevra, en Lausanne, nos arrabaldos frios de París, desconfian dos árabes, dos orientais, quererian negar-lles o pan que eles comeron.

*E*n tanto acontecia o drama mil veces repetido de todas as Dolores R., "alguns xovens intelectuais e vellos" discutían "sobre as orixes dunha espada ferruxenta, dunha peza de barro ou dunha alfaixa atopadas nun lugar dos arredores, e indiferentes ao drama (...) que os rodea". Hoxe ese xovens intelectuais discuten sobre as leis do mercado editorial, saen na tele, e nengun Seoane se alborzará por esoutros cartazes que levan ao pescoso os meniños abandonados na verja de Ceuta, nas reixas que defenden o noso espallismo de felicidade e benestar.

*E* porén somos nós: os nosos pais roubados e aldraxados, nos cuarenta ou nos cincuenta, nun barco que non os leva a América, porque despois dunhas cantas voltas de disimulo os abandona finalmente en Cangas; os rios que se sorprenden da propia voz apóz semanas de non falar, entre turcos, e alemanes pobres, nunha cadea de montaxe, en Hamburgo; o avó labrego nunha avenida caótica de Nova Iorque.

*H*istórias que se calán, que se contan ás veces nos velorios, nas traseiras dos cativos bares que se chaman "Switzerland" ou "Alabama". A dos emigrantes desembarcados en Bueu ou Cangas contou-na Manuel Ferrol, o fotógrafo, na inauguración dunha exposición sua.

*S*omos nós, e contra a desmemoria todo regresa agora perante estoutras fotografías: as de Virxilio Vieitez. Rostos de fame e adversidade, os pómulos altos, a boca grande de mastigar soildade e dor. Un povo feito de supervivientes aquí, á nosa beira, ocultando no seu presente de medianía que construíron pontes e domearon continentes, eles, miseros e analfabetos. "Toda a terra é dos homes".♦